

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE AGOSTO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de agosto de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barrerios, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con excusa, dona María Jesús González Roel, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de agosto de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202008271801040000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de modificación da ordenanza fiscal núm. 9, reguladora da taxa polo servizo de rede de sumidoiros e da ordenanza fiscal núm. 15, reguladora da taxa por subministración de auga

Acceso á videoacta – 00:00:21 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14 de agosto de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a problemática existente na aplicación das tarifas contidas nas ordenanzas fiscais de subministración de auga e rede de sumidoiros aplicables aos casos de avarías na rede interna dos usuarios que dan lugar a consumos excesivos e considerando que a tramitación se ralentiza debido aos sucesivos requisitos esixidos nas ordenanzas, podendo reducirse de maneira considerable e conseguindo incrementar a eficiencia na mesma ao modificar o procedemento de aprobación.

Considerando así mesmo as incidencias existentes na aplicación das bonificacións reguladas nas mencionadas ordenanzas, tanto por falta de recursos económicos como pola condición de familia numerosa y tendo en conta que cunha revisión dos requisitos acadaría un resultado máis xusto para os contribuíntes e coherente cos requisitos esixidos pola Xunta de Galicia na xestión do canon da auga.



O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2020 e seguintes a modificación da Ordenanza Fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros:

Ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a "taxa polo servizo de rede de sumidoiros", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao prevenido no artigo 57 do citado RDL 2/2004.

Artigo 2º. - Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, se as verteduras se realizan a través de acometida á rede desde un inmovible.
- c) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, se as verteduras se realizan de forma esporádica sen enganche á rede desde un depósito móbil.

2. Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, o promotor, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
- c) En caso de prestación de servizos do número 1.c) do artigo anterior, quen efectúe as verteduras.

2. En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmoibles, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. - Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5º. - Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixírase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 95,00 euros.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.b) do artigo 2º, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos consumida polo usuario. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

- 0,25 euros por metro cúbico, xa sexan de verteduras de auga depuradas ou sen depurar, polo servizo de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal.

A estes efectos, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

3. No caso de que, debido a unha avaría interna na rede, o contador rexístrase un exceso de consumo, facturarase ao abonado os m3 correspondentes ao consumo medio habitual (calculado en función do promedio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación). En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable por subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

A estes efectos terá a consideración de volume desproporcionado o que reúna os seguintes requisitos:

– Que o volume facturado sexa superior ao triple do volume promedio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

– Que o contribuínte tomase as medidas necesarias para reparar a fuga no prazo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data non se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da súa existencia no momento en que se lle notifique a factura de auga correspondente ao período no que se produciu a fuga. O concello poderá comprobar en todo momento o cumprimento dos requisitos e, en caso de incumprimento, deberá facturar a diferenza do importe que resultase de non aplicar esta excepción.

3. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil desde o que se realice o vertido, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o suxeito pasivo deberá presentar a documentación pertinente relativa ao volume do vertido no momento de solicitar a licenza.

Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre.

O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación.

Para disfrutar da presente bonificación, a renda neta conxunta anual da unidade de convivencia á que pertenza o beneficiario ten que ser a seguinte:

- a. Igual ou inferior a 1,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso dun único membro na unidade de convivencia.

- b. Igual ou inferior a 2 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous membros na unidade de convivencia.
- c. Igual ou inferior a 2,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa tres ou máis membros na unidade de convivencia.

Os multiplicadores de renda respecto do IPREM de 14 pagas establecidos no parágrafo anterior incrementaranse, en cada caso, en 0,5, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias especiais:

- a. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia teña discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- b. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia acredite a situación de violencia de xénero, conforme ao establecido na lexislación vixente.
- c. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia teña a condición de vítima de terrorismo, conforme ao establecido na lexislación vixente.
- d. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia se atope en situación de dependencia recoñecida de grao II ou III, conforme ao establecido na lexislación vixente.
- e. Que o usuario acredite que a unidade de convivencia está integrada por un único proxenitor e, polo menos, un menor.

Aos excesos sobre o mínimo facturabile aplicarase a tarifa establecida no 5º da presente ordenanza fiscal, según corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.

Artigo 7º. - Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertedura esporádica sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal ou a efectiva vertedura no suposto recollido no apartado 1.c) do artigo 2º. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza pertinente e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 8º. - Declaración, liquidación e ingreso.

1. No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ao tempo de solicitar a licenza de obras, instarán tamén a autorización para realizar as obras de acometida á rede xeral de sumidoiros, achegando xustificante de ter abonado a autoliquidación da cota a que se refire o apartado 1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

2. Os propietarios, usufructuarios ou titulares de dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiros, virán obrigados a presentar a correspondente solicitude de acometida, achegando xustificante de pagamento da autoliquidación a que se refire o apartado 1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

3. Cando se presente solicitude de licenza para a vertedura de fecais desde un depósito móbil ingresarase polo suxeito pasivo autoliquidación da cota a que se refire o apartado 3 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal.

4. Se se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederáse a practicar liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento xeral de recadación, sen prexuízo da apertura do correspondiente expediente sancionador.

5. As solicitudes de baixas surtirán efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación.

6. Unha vez autorizada a acometida, o cobro da taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente co da taxa por subministración de auga, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa aprobación do correspondente padrón polo órgano competente.

Neste caso os obrigados ao pagamento farán efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido desde o día en que se fai entrega do recibo á entidade bancaria colaboradora ata o último día do seguinte mes. As débedas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento.

Artigo 9º. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Segundo.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2020 e seguintes a modificación da ordenanza fiscal nº 15 reguladora da Taxa por subministración de auga:

Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da Taxa por subministración de auga

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

Ao amparo do previsto nos artigos 20 a 27 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello establece a "taxa por subministración de auga", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a subministración de auga, nos termos especificados nas tarifas contidas no artigo 6º da presente ordenanza.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que se beneficien dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

2. Cando a subministración de auga beneficie ou afecte aos ocupantes de vivendas ou locais, terán a condición de substitutos do contribuínte, segundo o establecido no artigo 23.2.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, os propietarios de ditos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

A titularidade do servizo, é dicir, a póliza de abono, será sempre a nome do propietario da vivenda, local ou industria, independentemente de que o recibo poida ser abonado polo inquilino ou arrendatario ou ocupante das mesmas, figurando como pagador.

3. Nos casos nos que se soliciten os servizos para a execución de obras, o suxeito pasivo será o promotor ou, no seu caso, o constructor, sempre que se acredite que a obra dispón da preceptiva licenza para a súa realización.

Artigo 4º. - Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando cometera unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando cometera unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte ao procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. - Beneficios fiscais.

1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre.

O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroadado na vivenda obxecto da bonificación.

Para disfrutar da presente bonificación, a renda neta conxunta anual da unidade de convivencia á que pertenza o beneficiario ten que ser a seguinte:

- a. Igual ou inferior a 1,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso dun único membro na unidade de convivencia.
- b. Igual ou inferior a 2 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous membros na unidade de convivencia.
- c. Igual ou inferior a 2,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa tres ou máis membros na unidade de convivencia.

Os multiplicadores de renda respecto do IPREM de 14 pagas establecidos no parágrafo anterior incrementaranse, en cada caso, en 0,5, sempre que conorra algunha das seguintes circunstancias especiais:

- a. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia teña discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- b. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia acredite a situación de violencia de xénero, conforme ao establecido na lexislación vixente.
- c. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia teña a condición de vítima de terrorismo, conforme ao establecido na lexislación vixente.
- d. Que o usuario ou algún dos membros da unidade de convivencia se atope en situación de dependencia recoñecida de grao II ou III, conforme ao establecido na lexislación vixente.
- e. Que o usuario acredite que a unidade de convivencia está integrada por un único proxenitor e, polo menos, un menor.

Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 dos epígrafes 1.A, 1.B ou 1.C, do artigo seguinte, segundo corresponda. A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.

2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico de auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas sempre que todos eles estean empadroados na mesma, así como as vivendas no que o pagador da póliza de abono ostente a condición de titular de familia numerosa.

O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.

O importe das bonificacións será o seguinte:

- a) Os pagadores de pólizas de vivendas habitadas por máis de cinco e menos de oito persoas, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.
- b) Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral.

3. Durante o primeiro trimestre de cada ano, o Concello comprobará que os beneficiarios destas bonificacións seguen a reunir os requisitos necesarios para o disfrute das mesma. Para o cal os beneficiarios deberán presentar, antes do 28 de febreiro, ante o concello, a documentación acreditativa daqueles extremos tanto da súa situación familiar e de convivencia, como económica a 1 de xaneiro do ano en curso, que ocasionaron a súa concesión. De non aportar a xustificación necesaria nese termo, procederase a revocar a bonificación concedida con efectos 1 de xaneiro dese mesmo ano.

Artigo 6º. - Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Usos domésticos:

1.A. Tarifa xeral:

- 1.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 30 e ata 90 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 90 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

1.B. Tarifa bonificada para titulares de familia numerosa e de pólizas de abono en vivendas, nas que convivan máis de cinco membros ata sete (artigo 5.2.a da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 60 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 60 e ata 90 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 90 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

1.C. Tarifa bonificada para titulares de pólizas de abono en vivendas nas que convivan oito membros ou máis (artigo 5.2.b da presente ordenanza):

- 1.1. Ata 90 m³ trimestre, a 0,40 euros cada m³.
- 1.2. Máis de 90 e ata 120 m³ trimestre, excesos a 0,57 euros cada m³.
- 1.3. Máis de 120 m³ trimestre, excesos a 1,09 euros cada m³.

O mínimo facturable por abonado será de 30 m³ trimestre.

Epígrafe 2. Usos non domésticos:

- 2.1. Ata 30 m³ trimestre, a 0,57 euros cada m³.
- 2.2. Entre 30 e 3.000 m³ trimestre, excesos a 0,75 euros cada m³.
- 2.3. Máis de 3.000 m³ trimestre, excesos a 1,06 euros cada m³.

O mínimo facturable por abonado será de 30 m³ trimestre.

Epígrafe 3. Tarifas especiais:

3.1 Cando o abonado sexa unha entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións veciñais e a subministración se destine a uso deportivo, cultural ou cívico, ou se trate de unha institución relixiosa que o destine á súa finalidade:

Todos os m³ a 0,28 euros cada m³. O mínimo facturable por abonado será de 30 m³ trimestre.

3.2 Cando se trate doutra Entidade Local á que se lle subministre auga procedente do municipio de Carral:

Todos os m³ a 0,47 euros cada m³ sen mínimo facturable.

Epígrafe 4. Tarifas por avarías:

No caso que, debido a unha avaría interna na rede, o contador rexistrase un exceso de consumo, facturarase ao abonado a totalidade dos m³ consumidos. Ao consumo que exceda do consumo medio habitual (calculado en función do promedio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación), facturarase segundo as tarifas correspondentes dos epígrafes 1 e 2, aplicables aos consumos do segundo intervalo (1.2 ou 2.2).

A estes efectos terá a consideración de volume desproporcionado o que reúna os seguintes requisitos:

– Que o volume facturado sexa superior ao triple do volume promedio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.

– Que o contribuínte tomase as medidas necesarias para reparar a fuga no prazo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data non se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da súa existencia no momento en que se lle notifique a factura de auga correspondente ao período no que se produciu a fuga. O concello poderá comprobar en todo momento o cumprimento dos requisitos e, en caso de incumprimento, deberá facturar a diferenza do importe que resultase de non aplicar esta excepción.

Epígrafe 5. Outras tarifas:

5.1. Enganche á rede e primeira contratación do servizo, 100,00 euros.

5.2. Formalización de póliza de enganche por cambio de titularidade, 37,00 euros.

Artigo 7º. - Devengo e período impositivo.

A taxa devengarase cando se presente a solicitude que inicie a prestación do servizo pertinente, que non se realizará sen que se efectuara o pagamento correspondente.

O período impositivo por subministración de auga será por trimestres naturais.

Artigo 8º. - Réxime de declaración e ingreso.

Unha vez autorizada a conexión á rede municipal de subministración de auga ou o cambio de titularidade, deberase practicar polo suxeito pasivo a declaración-liquidación (autoliquidación) conforme ao sinalado na presente ordenanza. A taxa por subministración liquidarase trimestralmente mediante o correspondente padrón de auga aprobado polo órgano competente.

O cobro por subministración de auga realizarase mediante domiciliación bancaria, que será o sistema recomendado a todos os abonados ao servizo co obxecto de facilitar a xestión, debendo en todo caso facer efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido desde o día en que se inicie a xestión do cobro a través da entidade bancaria colaboradora ata o último día do mes seguinte. As cotas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento e na forma determinada nesta ordenanza.

Artigo 9º. - Notificacións das taxas.

A taxa de períodos sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 10º. - Infraccións e sancións.

O Concello, seguindo o procedemento establecido e dentro dos prazos outorgados ao efecto, suspenderá a subministración:

- a) Cando fora negada ou entorpecida reiteradamente a entrada no domicilio do abonado ao persoal encargado da lectura dos contadores.
- b) Cando non se satisfacesse o importe de dous trimestres consecutivos ou tres alternos da taxa pola subministración de auga. Todo isto sen prexuízo da súa esixencia mediante o procedemento de constrinximento.

En todo o demais, as infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Terceiro.- A modificación das Ordenanzas Fiscais nº 9 e nº 15, comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto.- Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas modificadas durante o prazo de trinta días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición da ordenanza fiscal nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos nos artigos 17 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de agosto de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl

Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Toma de coñecemento do informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2020, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2020

Acceso á videoacta – 00:11:57 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14 de agosto de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Visto o informe da tesoureira municipal, de data 13 de agosto de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Marta Oviedo Creo, como tesoureira do Concello de Cambre, en cumprimento das obrigas recollidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, e no artigo 5.1 apartados c) e d) do RD 128/2018 polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte INFORME:

O 5 de xullo de 2010, aprobouse a Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Esta Lei establece unha serie de obrigas ós membros da Corporación e a os Interventores, Secretarios-Interventores e Tesoureiros; en particular:

O artigo 4 establece nos seus apartados terceiro e cuarto que "Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades Locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes".

O artigo 5 desta lei foi derogado expresamente pola Disposición derogatoria da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. Esta nova lei establece no seu artigo 10 que os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuídas a función de contabilidade nas Administracións Públicas:

"1.- Efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento da obrigación, que serán dirixidos aos órganos competentes.

2.- Elaborarán un informe trimestral coa relación de facturas con respecto as cales transcorreran máis de tres meses dende que foron anotadas e non se efectuara o recoñecemento da obrigación polos órganos competentes. Este informe será remitido dentro dos 15 días seguintes a cada trimestre natural do ano ao órgano de control interno."

Polo que se refire ao 2º trimestre de 2020 non consta a esta Tesourería que se levaran a cabo os requirimentos. Por outra banda, a petición desta tesourería dende intervención elaborouse un informe xustificativo do estado das facturas para as que transcorreran máis de tres meses dende que foron anotadas e non se efectuara o recoñecemento da obriga.

Con este informe trátase de informar ao Pleno da Corporación, por un lado das obrigas pendentes de pago ó final do segundo trimestre de 2020 que exceden do prazo marcado pola lei (segundo datos agregados), e por outra parte, informase ó Pleno da Corporación das facturas que non foron obxecto de recoñecemento da obriga unha vez transcorreron tres meses dende o rexistro das mesmas, isto é, facturas con data de rexistro anterior ao comezo do

trimestre natural referido.

Facturas ou documentos xustificativos que o final do trimestre, tiveran transcorrido máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaran os correspondentes exptes de recoñecemento da obriga	Período medio operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR)	Pendiente de recoñecemento de obrigación	
		Numero	Importe
Gastos Correntes en bens e servizos	219,67	41	255.695,20
Inversións Reais	166,69	18	275.350,35
Sen desagregar	151,42	3	16.567,64
TOTAL	190,97	62	547.613,19

As facturas que o final de trimestre, tiveran transcorrido máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas sen que se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento de obriga, con carácter xeral, foron segundo consta no informe de intervención por diversos motivos sendo os principais a falta de conformidade dos responsables, a auditoría de ingresos e gastos e de xestión da sociedade Augaservi, S.L., adxudicada pola Xunta Goberno Local con data 02/04/2019 á empresa PW Advisory & Capital Services, S.L. (CM 2019/C002/000074), estando as facturas pendentes de aprobación á espera do resultado final do traballo, e da determinación de obrigas na prestación de servizo de pagamento dos servizos executados polas partes e por último as certificacións de obras emitidas coma liquidacións.

Pagos realizados no trimestre	(PMP) (días)	Pagos realizados no Trimestre			
		Dentro período legal pago		Fóra período legal pago	
		Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
2º trimestre 2020	52,44	226	548.652,91	53	260.035,01

Como pode observarse no concello de Cambre existen facturas pagadas fóra do período legal de pago, pero non por falta de existencias na Tesourería, de feito hai máis de nove millóns de euros en Bancos, con cinco millóns a prazo fixo, senón producidas pola demora na tramitación derivada do circuíto de validación e conformidade, ou ben pola falta de crédito nas aplicacións orzamentarias onde se tiñan que imputar as facturas ou ben pola falta de tramitación da aprobación de facturas (ADO, DO, O). Tamén compre indicar, que dende o mes de xuño para realizar o pago das facturas aprobadas se están solicitando os certificados de número de conta para asegurar o pago os terceiros titulares do dereito de cobro e evitar fraudes con diñeiro público, algunha empresa o que se lle solicitou tardou máis dun mes en entregar o citado certificado, e algunha outra aínda está pendente de entregar.

Así mesmo, no informe débense indicar os intereses de demora que se pagaron, toda vez que o artigo 5 da lei 3/2004, de 29 de decembro, establece que "o obrigado ao pago da débeda dineraria xurdida como contraprestación en operacións comerciais incorrerá en mora e deberá pagar o interese pactado no contrato ou o fixado por esta Lei automaticamente polo mero incumprimento do pago no prazo pactado ou legalmente establecido, sen necesidade de aviso de vencemento nin intimación algunha por parte do acredor".

Pola súa parte, o artigo 198.4 da LCSP, dispón que "a Administración terá a obriga de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes a data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 210.4, no caso de producirse demora, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de dito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que houbera lugar ao inicio do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de 30 días dende a data de entrega efectiva das mercancías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 210.4 e 243.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes a entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contra establecido no contrato e en algún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumpriera o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o devengo de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días dende a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobara a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente abono"

As liquidacións dos contratos de obras teñen un prazo diferenciado, sendo este de 60 días (artigo 243.3 do LCSP; "Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo seguinte, procedéndose a devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, o pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días").

Neste senso, para as Administracións Públicas, o artigo 7 da Lei 3/2004, establece que o interese de demora que deberá pagar o debedor será o correspondente a suma do tipo de interese aplicado polo Banco Central Europeo á súa máis recente operación principal de financiamento efectuada antes do primeiro día do semestre natural de que se trate máis oito puntos porcentuais.

O tipo legal de xuros de demora, determinado conforme ao disposto neste apartado, aplicarase durante os seis meses seguintes a súa fixación.

O Ministerio de Economía e Competitividade publicará semestralmente no Boletín Oficial do Estado o tipo de interese resultante pola aplicación da norma contida no apartado anterior.

A lei 3/2004 establece o devengo automático dos intereses de demora, por iso deberanse calcular e contabilizar ao finalizar o exercicio os intereses devengados. En principio, tales contías recolleranse exclusivamente na contabilidade financeira (de forma análoga a unha provisión).

Xuros de demora pagados no trimestre	Intereses de demora pagados en el periodo	
	Número de pagos	Importe total de intereses
2º trimestre 2020	0	0,00

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago ao final do trimestre	(PMPP) (días)	Pendente de pago ao final do trimestre			
		Dentro periodo legal pago ao final do trimestre		Fóra periodo legal pago ao final do trimestre	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe total
2º trimestre 2020	71,51	576	1.455.518,01	140	744.592,68

Sendo en morosidade:

PMP PERIODO MEDIO DE PAGO
PMPP PERIODO MEDIO DO PENDENTE DE PAGO

A meirande parte do importe das facturas pendentes de pago corresponden a liquidacións de obra para as que non existía crédito, así como o pago de facturas da empresa encargada de xestión da auga para a que se estaba levando a cabo unha auditoría de contas e ata que se regularizase o contrato de xestión entendiase dende o Concello que non procedía o seu pago. Moitas facturas pendentes no segundo trimestre foron abonadas no mes de xullo do 2020.

Os ratios encóntranse desagregados, tal e como indicou o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na súa guía de 23 de marzo de 2011, por artigos e pola natureza económica dos gastos.

Durante o trimestre obxecto do presente informe, o Concello de Cambre abonou as súas facturas a un prazo medio de 52,44 días.

O presente informe deberá remitirse, en todo caso, ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais), e ao órgano autonómico que teña atribuída a tutela financeira das Entidades Locais.

A remisión a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais deberá realizarse telematicamente a través da Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante firma electrónica. Cumpriuse esta obriga o día 24 de xullo de 2020.

Así mesmo deberá ser obxecto de publicación un informe agregado da relación de facturas e documentos que lle foran presentados ao Pleno agrupándoos segundo o seu estado de tramitación.

Ademais segundo o establecido na Disposición Adicional Primeira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público:

"Transcorrido un mes dende a entrada en vigor desta Lei todas as Administracións Públicas e as súas entidades e organismos vinculados ou dependentes publicaran no seu portal web o seu período medio de pago a provedores e incluírán no seu Plan de Tesourería inmediatamente posterior a dita publicación as medidas de redución do seu período medio de pago a provedores para cumprir co prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade".

No caso do Concello de Cambre o incumprimento do período medio de pago non é un problema de liquidez na tesourería, como xa se explicou en parágrafos anteriores deste informe.

Por outro lado, coa publicación do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira; establece un novo método de cálculo do período medio de pago a provedores. O período medio de pago (PMP) definido aquí mide o **retraso no pago da débeda comercial en termos económicos** como un indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Esta medición con criterios estritamente económicos pode tomar valor negativo se a Administración paga antes de que transcorreran trinta días naturais dende a presentación de facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda. En virtude deste cálculo o **PMP do Concello de Cambre correspondente ao 2º trimestre é de 51,58 días**. Desglosado do seguinte xeito:

Cálculos realizados para a Entidade do Cómputo do PMP RD 635/2014	Ratio de Operacións Pagadas (días)	Importe De Operacións Pagadas	Ratio de Operacións Pendientes de Pago	Importe total	Período Medio de pago da Entidade (PMP)
2º trimestre 2020	17,08 Días	707.181,94€	103,61 Días	468.844,69	51,58 Días

De todo elo informo ao Pleno en descargo do meu cometido.»

Téndose dado coñecemento de tales datos ao Ministerio de Facenda, tal e como establece o artigo 4.4 da Lei, de cara a favorecer a comprensión de tal información e da transparencia, **PROPOÑO**:

Único.- Dar coñecemento á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, así como ao Pleno municipal, do Informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade correspondentes ao segundo trimestre do ano 2020.”

Vista a toma de coñecemento polos concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de agosto de 2020.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento do informe de referencia.

1.3. Proposta de solicitude de subvención á Deputación da Coruña, aprobación do proxecto, declaración de singularidade e excepcionalidade do proxecto e afectación, para o acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Acceso á videoacta – 00:13:29 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 13 de agosto de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Este goberno ten interese en levar a cabo un proxecto para o acondicionamento da pista exterior do Ceip Wenceslao Fernández Flórez coa finalidade de dotar a Cambre dunha instalación deportiva para a utilización dos veciños en xeral, que permita acadar unha mellora na calidade de vida da poboación, mediante a práctica deportiva.

Para isto, redactouse un proxecto que se relacionan de seguido, sendo necesaria a súa aprobación para poder incoar o correspondente expediente de contratación tan pronto como sexa posible:

Denominación	Achega provincial	Achega municipal	Orzamento total (IVE engadido)
Acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP WFF	72.800,00	18.398,95	91.198,95

O proxecto “Acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP WFF” cun orzamento total de 91.198,95 € e redactado polo arquitecto técnico Antonio Vázquez Santos, que plantexa definir, cuantificar e valorar as obras de acondicionamento e acabados que se levarán a cabo na pista polideportiva exterior existente no CEIP Wenceslao Fernández Flórez, situado no núcleo urbano de Cambre, xa que se encontra en mal estado de conservación e cunha falta evidente de mantemento.

A intervención previsto, contempla os traballos de acondicionamento da zona de pista deportiva en si mesma, a reparación dos peches de fábrica de bloque e dos valos de peche e control dos balóns de xogo. Tamén, acondicionar e mellorar as zonas de acceso á pista deportiva

Tendo en conta a intención de asinar un Convenio coa Deputación Provincial da Coruña para este obxecto cuxo expediente estase a tramitar na plataforma SUBTEL.

Por todo o exposto e en virtude do establecido no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP WFF”, cun orzamento total de 91.198,95 € e redactado polo arquitecto técnico Antonio Vázquez Santos.

Segundo: Aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña por importe de 72.800,00 euros o que supón un coeficiente de financiamento do 79,83 % .

Terceiro: Declarar a excepcionalidade e singularidade do proxecto de acordo co disposto na memoria redactada ao efecto polo coordinador da Área, José Martínez Názara, co conforme do alcalde.

Cuarto: Declarar de que o Concello comprométese á afectación do investimento á finalidade para a que será concedida a achega por un prazo non inferior a dez anos.

Quinto: Notifíquese aos interesados.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 20 de agosto de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). E abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Aprobación, se procede, da memoria para a obra “Paso de lontras baixo a AC-211 no encoro de Abegondo-Cecebre”

Acceso á videoacta – 00:50:16 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 13 de agosto de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«No DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019, publicouse a Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 13 de decembro de 2019 pola que se publica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).

No DOG núm. 247, do 30 de decembro de 2019, publicouse a Resolución do 18 de decembro de 2019 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2: apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo, da medida Leader do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

O Concello de Cambre é membro da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo que alberga como un dos seus principais bens ecolóxicos e naturais co encoro de Abegondo- Cecebre, precisamente no termo municipal de Cambre, entre outros.

Segundo informe do Grupo Naturalista Hábitat de 3 de abril de 2018, no encoro de Cecebre existe unha pequena poboación de lontras que circula entre o río Mero e a lámina de auga do encoro. Detectaron que esta poboación estaba sufrindo atopelos nas inmediacións da curva que coincide co inicio do paseo fluvial a carón do río Mero (coordenadas xeográficas UTM: X 556.965 e Y 4.792.285), concello de Cambre. O grupo Hábitat, na busca de darlle solución a esta problemática, propón a construción dun paso inferior para as lontras e pequenos vertebrados no dito punto.



O Concello de Cambre solicitou unha axuda ao abeiro das bases antes referenciadas para financiar a obra do paso de lontras baixo a AC-221 no encoro de Abegondo-Cecebre. Con data 18 de xuño de 2020 consta presentada, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a aceptación deste concello da proposta de distribución de fondos realizada polo GDR (Grupo de Desenvolvemento Rural), por importe de 13.731,48 euros (90% do orzamento aceptado).

Así mesmo, a obra consta con todas as autorizacións pertinentes.

Tendo en conta que a data para a xustificación da subvención finaliza o 15 de outubro de 2020, para poder contratar, executar e xustificar a obra en prazo, resulta necesario a previa aprobación da memoria valorada polo Pleno do Concello, dado que ata este momento non se recibiu a resolución formal de concesión da axuda e, polo tanto, resulta de aplicación o previsto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establece que lle corresponde a este órgano a aprobación dos proxectos de obras cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Por todo o anterior, propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único: Aprobar a memoria valorada correspondente á obra "Paso de lontras baixo a AC-211 no encoro de Abegondo-Cecebre" (Febreiro 2020), elaborada polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de Servizos, cun orzamento base de licitación de 15.257,20 €.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 20 de agosto de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia do pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:54:09 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:54:12 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:54:14 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais

Rexistrada de entrada ao núm. 999/2348 o día 21 de agosto de 2020. Consta do seguinte teor literal:

«Desde o inicio da pandemia provocada polo virus Covid-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas (adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo Goberno Central), para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en implantar programas e axudas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que, durante a fase máis dura da pandemia, non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as súas negativas consecuencias.

Ante esta situación, as entidades locais (de todo signo político), a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados, solicitaron en reiteradas ocasións durante os últimos meses ao Goberno de España medidas como:

1º Poder dispoñer do 100% dos remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro contra a pandemia, e despois contra a crise sanitaria, social e económica derivada dela, sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado.

2º Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás entidades locais para poder compensar o impacto do Covid-19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3º Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás entidades locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL., así como os recursos que estas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

No mes de xullo, o Goberno de España presentou á FEMP unha proposta de acordo que non respondía ás necesidades e peticións das entidades locais, excluía ao mundo rural e a máis de 3.000 entidades locais que teñen pechado 2019 con débeda ou non tiveron remanente de tesourería positivo, destruíu a autonomía local recoñecida na Constitución e supoñía unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e Deputacións do noso país.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobouno o 3 de agosto, cos únicos votos a prol dos alcalde socialistas máis o voto de calidade do presidente da FEMP, o socialista Abel Caballero.

Ningunha das restantes forzas políticas con representación neste órgano directivo da FEMP apoiou esta proposta: Partido Popular, Ciudadanos e Junts per Cat votaron en contra e os socios de goberno de Sánchez, IU-Podemos, abstivéronse.

O 3 de agosto foi un día tristemente histórico para unha institución que representa e debe protexer os intereses de todas as entidades locais posto que, por primeira vez, se rompía o consenso que sempre tiña presidido a súa actuación.

O Consello de Ministros, malia que a proposta de acordo non contaba co aval da FEMP, aprobou o 4 de agosto, o Real decreto-lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais, que mantén os aspectos máis lesivos do acordo rexeitado pola maioría dos membros que integran esta institución e que incluso cambia as condicións pactadas cos alcaldes socialistas da FEMP o mesmo día.

O Goberno ofrece un fondo de 5.000 millóns de euros (a ingresar ás EE.LL. entre 2020 e 2021) totalmente condicionado posto que só se repartirá entre as EE.LL. que entreguen ao Goberno a totalidade dos seus remanentes de tesourería para gastos xerais a 31/12/2019 (minorado por unha serie de conceptos recollidos no artigo 3.1 do Real decreto-lei 27/2020) durante 17 anos, desde 2020 ao 2037.

A cambio de que as EE.LL. cedan todos os aforros municipais, os aforros dos veciños, o Goberno ofrécelles un fondo (que supón soamente unha pequena parte deses aforros) e que deberán empregar unicamente nas actuacións definidas polo Goberno no propio Real decreto-lei 27/2020.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

I. Manifestar:

1º.- O apoio expreso do Concello de Cambre ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados presentará contra o Real decreto-lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños e veciñas.

2º.- O fondo rexeitamento deste concello ao procedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para acadar un acordo que dera unha "aparencia" de apoio unánime das EE.LL. ao Real decreto-lei 27/2020.

Un procedemento no que o Goberno só ten negociado cos representantes socialistas e de IU-Podemos na FEMP, excluindo ao resto de forzas políticas con representación na dita institución.

3º.- Solicitar aos órganos competentes da FEMP a reprobación do seu presidente, Abel Caballero, por:

- Non transmitir coa debida dilixencia nin transparencia información axeitada sobre as negociacións co Ministerio de Facenda ao resto de membros dos órganos de goberno da institución.
- Non defender os intereses das EE.LL. como está obrigado a facer por razón do seu cargo.
- Provocar con esta actitude que, por primeira vez na historia da FEMP, se rompa o consenso histórico que adoitaba presidir os acordos deste organismo.

4º.- O profundo rexeitamento deste concello a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados pola veciñanza dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

II. Instar ao Goberno de España a:

1º.- Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

2º.- Atender ás demandas das EE.LL. para que poidan dispoñer do 100% dos seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do Covid-19, levando a cabo para tal efecto as modificacións legais que resulten pertinentes, que en todo caso deberán ser validadas polo Congreso dos Deputados ou os órganos de goberno da FEMP.

3º.- Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno, á ministra de Facenda, á ministra de Política Territorial e Función Pública, aos voceiros de grupos políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezasete votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais.

Acceso á videoacta – 01:02:33 horas

Neste momento, os grupos municipais do PP, BNG, AV e Grupo Mixto (EU-Son en Común e C's) presentan unha moción, de xeito oral, na defensa dos dereitos e liberdades constitucionais dos veciños e veciñas de Cambre.

O voceiro do BNG, don Daniel Carballada Rodríguez, explica as razóns da urxencia na presentación da moción, tralo cal o señor alcalde, a pedimento dos voceiros dos dous grupos non propoñentes (UxC e PSdeG-PSOE), e de conformidade co establecido no artigo 103.3 do Regulamento orgánico municipal, interrompe a sesión co fin de que os integrantes dos ditos grupos poidan ausentarse do salón de sesións, co fin de dar lectura e deliberar sobre a cuestión formulada.

Cando son as 21:28 horas reincorpóranse ao salón de sesións os concelleiros de UxC e PSdeG-PSOE, co fin de continuar coa sesión.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada de forma oral e neste mesmo acto, polos grupos municipais do PP, BNG, AV e Grupo Mixto (EU-Son en Común e C's) na defensa dos dereitos e liberdades constitucionais dos veciños e veciñas de Cambre. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro

Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción dos grupos municipais do PP, BNG, AV e Grupo Mixto (EU-Son en Común e C's) na defensa dos dereitos e liberdades constitucionais dos veciños e veciñas de Cambre

Consta do seguinte teor literal:

“Como alicerces básicos nos que se asenta o noso sistema democrático atópase un catálogo de dereitos e liberdades fundamentais, elevados á categoría de universais, que se recollen na Constitución Española e nos propios Estatutos de Autonomía.

Este catálogo constitucional tivo, historicamente, no que se refire ao seu Título I, unha exitosa e exemplarizante aplicación normalizada, xa que permaneceron inmutables a pesar das diverxencias políticas, sociais e mesmo xurídicas en canto á súa extensión e límites aplicativos, por servir de base á nosa convivencia pacífica na idea común de respecto e tolerancia a uns principios elementais que se erixen, sen dúbida, no sostén da nosa sociedade e configúranse e consolídanse como expresión dos nosos valores democráticos.

Pero as normas que recollen estes dereitos fundamentais, non só atribúen dereitos subxectivos, senón que levan implícita a obriga social da súa defensa e protección, sempre dentro da propia pluralidade democrática e ideolóxica, pois non pode concibirse a existencia deles se non é nese marco de diversidade.

Dentro do Estatuto da liberdade persoal que á súa vez atopa o seu fundamento na dignidade da persoa, inclúese o dereito á honra ou á reputación social na contorna social que a cada un é propia; o dereito á intimidade persoal e familiar e á integridade física e moral, configurado como o reproche social a toda conduta que supoña unha intromisión en calquera ámbito da vida privada que non deben ser violados nin accesibles aos demais sen previo consentimento, e como pode resultar evidente e en claro desenvolvemento da liberdade persoal, o dereito á liberdade de expresión.

Nin que dicir ten que, con base ás anteriores consideracións, o dereito dos cidadáns á liberdade de expresión e información recollido no artigo 20 da Constitución Española implica o dereito ao exercicio dunha opinión libre en todos os aspectos, ligada inseparablemente ao pluralismo político e social e requisito imprescindible e preeminente do funcionamento dun Estado democrático, obrigado a garantir unha opinión pública que sexa libre. É pois a liberdade de crítica un aceno de identidade daquel.

O coidado e conservación deste dereito fundamental esixe aos poderes públicos unha necesidade de transparencia adicional, sendo estes os máis próximos e inmediatos garantes do exercicio destes dereitos fundamentais e liberdades, despregando todos os medios lexítimos ao seu alcance para reprobado calquera conduta ou feito que atente contra eles de forma efectiva ou poida supoñer un risco á súa libre promoción ou exercicio, principio que entronca directamente co artigo 9.3 da CE que impón a todos os poderes públicos a submisión á Constitución e á Lei.

Non é oculto senón xa publicamente coñecido o desagradable e inaceptable feito de que un cidadán de Cambre e os seus familiares máis próximos foron, en días pasados obxecto dunha ameaza explícita e de varias vexacións nun establecemento comercial do concello, polo simple feito de exercitar o dereito constitucional á liberdade de opinión e de información.

Concretamente dáse a circunstancia de que a persoa agredida e vexada xunto coa súa familia mentres gozaba do seu tempo de lecer, manifestara nos días pasados e a través de redes sociais, o seu parecer ou opinión sobre dunha vertedura areosa na contorna da ría do Burgo, así como as supostas responsabilidades ou implicacións que puidese ter nela o Goberno de Cambre, tendo, así mesmo, compartido noticias e vídeos aparecidos en prensa e que no seu día foron difundidos polo Concello de Cambre, sobre a devandita vertedura, e nos cales figura caracterizada de socorrista unha membro do Goberno local cambrés acompañada do mesmo individuo agresor.

Polas razóns expostas na exposición de motivos da presente moción, os grupos asinantes non imos tolerar baixo ningún concepto ou escusa, mírese como se mire, que ningún veciño ou veciña do noso concello vexa vulnerados os seus dereitos constitucionais, e en concreto, sexa ou poida ser vítima directa ou indirectamente de calquera tipo de agresión, acto violento, ameaza, coacción ou vexación polo feito de que as súas lexítimas manifestacións e/ou opinións, valoracións, comentarios ou observacións políticas ou de calquera outra índole poidan resultar incómodas ou críticas con todos ou algún dos grupos políticos que forman parte desta Corporación municipal.

Así mesmo, non toleraremos que ningún veciño ou veciña de Cambre vexa limitada a súa capacidade de movementos polo comprensible temor a sufrir algún tipo de represalias por manifestacións e/ou opinións vertidas por calquera medio oral ou escrito.

En defensa e garantía da liberade dos veciños e veciñas de Cambre no lexítimo exercicio dos seus dereitos constitucionais expoñemos ante o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Mostrar a nosa solidariedade absoluta coas vítimas de tan repudiable atentado contra a integridade moral e a dignidade da persoa, co compromiso explícito e actual de poñer á súa disposición todos os medios municipais que fosen legalmente aptos e útiles para prestar o apoio necesario a esta ou calquera veciño ou veciña que puidese ser vítima dun ataque similar.

Segundo: Mostrar a nosa máis enérxica condena e repulsa ante tal atropelo e ofensa.

Terceiro: Instar ao Goberno de Cambre, en nome de toda a Corporación Municipal, á difusión de forma pública nos diarios de maior tiraxe da comarca a nosa firme condena ante estes feitos.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os dous concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcerero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeita a moción presentada polos grupos municipais do PP, BNG, AV e Grupo Mixto (EU-Son en Común e C's) na defensa dos dereitos e liberdades constitucionais dos veciños e veciñas de Cambre.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:44:33 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1098/2020, do 5 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Daniel Mallo Castro, dende o día 20 ao 29 de xullo de 2020, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1137/2020, do 10 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Durante a ausencia de dona Patricia María Parcero Quiñoy, desde o día 14 ao 17 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por esta Alcaldía e dende o día 18 ao 23 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, quen ostenta a delegación xenérica da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona Patricia María Parcero Quiñoy continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1172/2020, do 14 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Durante a ausencia de dona Maria del Carmen Pan Matos, desde o día 24 ao 31 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por esta Alcaldía, quen ostenta a delegación xenérica da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona Maria del Carmen Pan Matos continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1173/2020, do 14 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Lúa Sanguineo Álvarez os días 18,19, 28 e 31 de agosto de 2020, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:46:22 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2373 o día 24 de agosto de 2020.

1º rogo - **Acceso á videoacta – 01:46:23 horas**

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Desde o convencemento de que na loita contra calquera risco sanitario, tamén o Covid-19, toda medida de

prevención e información é pouca, sobre todo en concellos da área metropolitana da Coruña como o noso, onde este mes de agosto estamos sufrindo un repunte dos rebrotes, existe o deber de suxerir e adoptar, entre todos, as maiores e máis eficaces medidas.

De aí que o Grupo Municipal Popular propuxera ao señor alcalde, tralas comisións informativas do pasado xoves 20 de agosto, que se habilitara un espazo ou link na páxina web/muro de Facebook do Concello de Cambre, no que de forma fácil e rápida se poida obter información sobre as últimas novidades, tamén as normativas, que impoñan ou levante, obrigas ou restricións á poboación ou a colectivos específicos desta.

Entre elas destaca a obrigatoriedade de utilizar máscara tamén para o deporte individual que poida practicarse, tamén ao aire libre, polas nosas rúas, parques, sendas peonís ou paseos marítimos, cando non se poida manter a distancia interpersonal. Obrigatoriedade que non aparece suficientemente reflectida no noso concello, como si o está sendo noutros concellos da área, onde se colocan carteis informativos nos ditos lugares con indicacións como a referida (tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan), que tamén debería especificarse, xunto ao resto de obrigas e ao seu levantamento, na páxina web/muro de Facebook do noso concello.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se interese que se adopten, á maior brevidade posible, as medidas solicitadas, intensificando, mellorando e ampliando a información que, sobre o Covid-19, se vaia producindo.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:48:12 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Xa transcorreron máis de nove meses desde o desmantelamento da biblioteca central de Cambre, sen que desde o desgoberno municipal se teña adoptado ningunha medida que trate de paliar ou mitigar os efectos que tal desmantelamento provocou entre os nosos veciños.

Pese a iso, e sen que conste ningunha data certa de recuperación da dita instalación, nos últimos días asistimos unha vez máis, co despregue mediático a que nos ten acostumado o Goberno municipal, a un pousado fotográfico no que as concelleiras de Cultura e Desenvolvemento Asociativo, informaron da para elas creación de “minibibliotecas” nas parroquias “menos poboadas” do noso municipio (entre as que se atopa O Temple) repartindo 300 libros nos recintos socioculturais que adoitan utilizar os veciños para reunirse.

Deixando a un lado a idoneidade dalgúns dos títulos que aparecen fotografados (que ofrecen serias dúbidas de que cumpran o “obxectivo de que os usuarios poidan usalas como manual para traballos académicos”), desde o Grupo Municipal Popular, en sintonía cos nosos veciños, preguntámonos se non tería sido máis efectivo adoptar outras medidas máis efectivas para paliar o efecto do peche da biblioteca central de Cambre, achegando e facilitando a lectura de todos os veciños do noso concello como podería ser a creación dun servizo móbil de biblioteca de préstamo e recollida, de forma que sexan os usuarios do servizo os que reciban de forma gratuíta, os títulos que eles escollan.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se interesa que pola Concellería de Cultura se empecen a adoptar, á maior brevidade posible, medidas como a proposta, que tralo desmantelamento da biblioteca central de Cambre, faciliten aos usuarios o préstamos bibliotecario, así como proceder á apertura da dita instalación e servizo.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:53:03 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Á vista das decepcionantes declaracións efectuadas polo alcalde de Cambre e a concelleira de Medio Ambiente e Mobilidade, no pleno ordinario do pasado mes de xullo, o Grupo Municipal Popular, solicitou, tanto en sesión plenaria como mediante escrito de 3 de agosto, que sendo competencia municipal tanto o medio ambiente como a protección da salubridade pública, polo señor alcalde de Cambre se acordaran, á maior brevidade posible, unha serie de actuacións respecto da vertedura presuntamente ilegal de áridos na ría do Burgo, tales como a análise dos áridos vertidos, a posta en coñecemento das ditas verteduras ao Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil, Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Cambio Climático, Demarcación de Costas na Coruña, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, así como ante a Administración de Xustiza.

Non sendo contestadas as preguntas nin atendidos os requirimentos, o Grupo Municipal Popular, solicitou nas comisións informativas do pasado xoves 20 de agosto, que estes foran atendidos, o que a día de hoxe tampouco foi cumprido.

Tendo transcorrido máis dun mes e medio desde a vertedura presuntamente ilegal de áridos na ría do Burgo, un mes desde o requirimento de información e solicitudes de actuación manifestadas polo Grupo Municipal Popular no último pleno ordinario do mes de xullo, non tendo sido contestado nin o escrito de 3 de agosto, nin os rogos presentados por este grupo o pasado 20 de agosto, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se dea cumprimento aos extremos insistentemente requiridos por este grupo municipal respecto da vertedura de áridos presuntamente ilegal na ría do Burgo e, en virtude disto proceda a:

1º Informar en sesión plenaria das análises e xestións realizadas máis arriba referidas.

2º Poñer os feitos en coñecemento das autoridades ou administracións mencionadas.

3º Contestar así mesmo por escrito todos e cada un dos puntos referidos no noso escrito do 3 de agosto de 2020.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, non acepta o rogo.

Rogos do BNG presentados por escrito

Acceso á videoacta – 01:59:11 horas

O señor alcalde informa que as cuestións formuladas polo grupo municipal do BNG, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/2368, o día 24 de agosto de 2020, non teñen a consideración de rogos, dado que non conteñen propostas de actuación, senón que deben considerarse preguntas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, acepta a cualificación e retira os rogos presentados.

Rogos de AV presentados por escrito

Acceso á videoacta – 02:00:53 horas

O señor alcalde expón que, como no caso do BNG, as dúas primeiras cuestións formuladas polo grupo municipal de AV, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/2372, o día 24 de agosto de 2020, non teñen a consideración de rogos, senón de preguntas.

Don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, acepta a cualificación e dá lectura á terceira das cuestións formuladas, tal e como se transcribe a continuación:

Ante o aumento de casos e rebrotes de Covid que se están a detectar na comarca, rogamos ao Goberno municipal adoptar e informar se hai medidas de carácter local, máis alá das impostas pola Xunta de Galicia.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, dá conta de todas as actuacións xa realizadas e, nese sentido, acepta o rogo por canto seguirán adoptando as medidas que sexan necesarias.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2375 o día 24 de agosto de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:02:59 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Téndose aprobado definitivamente o PEID de Anceis o pasado mes de xaneiro, e impedindo o Goberno Municipal o disfrute do pavillón por parte dos veciños e veciñas.

Pregamos se dea cumprimento ao establecido no PEID coa maior présa posible, no relativo ás expropiacións necesarias así como ao requirimento da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo que indica: “Non se admite a disposición de áreas urbanizadas sobre os terreos en estado natural, polo que deberá reaxustarse a posición ou dimensións do actual parque infantil”.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo, que se levará a cabo en mes ou mes e medio.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:04:15 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Tras 14 meses de configuración deste novo equipo de goberno, na web do concello non están actualizados os salarios de alcalde e concelleiros/as, as retribucións dos dous concelleiros sen dedicación, pero con salario, nin tampouco os datos do persoal eventual, nin as retribucións por asistencias a órganos colexiados.

Pregamos sexan actualizados e postos ao día os datos na web do Concello de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:04:58 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Durante o pleno do mes de xullo de 2020 a concelleira de Medio Ambiente describiu o procedemento que se leva a cabo no Concello de Cambre ante o coñecemento dunha vertedura:

“Cando se detecta unha vertedura, sexa de oficio ou ben por denuncia previa, envíase ao técnico competente municipal para inspeccionalo e tratar de determinar a súa orixe, ademais lévase a cabo un plan de actuación no que se presentan as medidas que se van adoptar para emendalo e adecualo á lexislación vixente. Transcorrido un tempo dende a adopción das medidas pertinentes o técnico volve a supervisar este punto a comprobar que todo está conforme.”

Pregamos sexa activado o protocolo de actuación tal e como o describiu a concelleira competente, de non estalo xa, e informados aos grupos de todos os pormenores do dito protocolo.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, non acepta o rogo.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/2371 o día 24 de agosto de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno

Único rogo - Acceso á videoacta – 02:14:05 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O pasado mes de xuño aprobáronse as bases reguladoras do programa Consolida Cambre: “Bases reguladoras da convocatoria do Programa de axudas municipais á consolidación de empresas. Programa Consolida Cambre 2020”.

Na base 17.3 dise:

“Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán colocar no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Cambre. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo concello xunto coa resolución de concesión. No caso de non dispor de establecemento permanente, a publicidade do financiamento estudarase en cada caso.”

En referencia ao “modelo normalizado de cartel” os solicitantes deberían coñecer previamente o seu contido, tamaño e texto na súa totalidade, no momento de cubrir e rexistrar a solicitude. Por todo iso rogamos:

Se inclúan nas solicitudes ou ben nos seus anexos, unha imaxe do modelo normalizado de cartel que subministrará o concello no momento da entrega da resolución da concesión aos beneficiarios.”

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, acepta o rogo.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 02:22:30 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2374 o día 24 de agosto de 2020.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:22:31 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Varias foron as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se interesou polo desenvolvemento das obras que se estiveron realizando ao longo do último ano na urbanización A Barcala, preocupándonos tanto pola execución delas como polo cumprimento dos prazos previstos.

Nese sentido, advertimos como nos últimos días se teñen liberado as arquetas existentes en toda a estrada de entrada á mencionada urbanización que, meses antes foran previamente tapadas polo asfaltado, quedando deficientemente executadas; á provisión de materiais de obra en calquera lugar e de calquera maneira; á colocación defectuosa das arquetas nas beirarrúas, provocando tropezos dos viandantes; fochancas e recheos constantes; entre outros defectos de execución (tal e como aparece nas fotografías que se achegan), que provocan as queixas xeneralizadas dos veciños, os cales dubidan de que se estea realizando un seguimento das obras polos responsables municipais. De aí que desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente se máis dun ano despois de iniciadas as obras existentes na urbanización A Barcala se está realizando un seguimento serio e constante da execución das obras, así como do cumprimento dos prazos inicialmente previstos, podendo saber cando finalizarán as ditas obras.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:25:37 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Varios concellos da nosa contorna máis próxima, como Abegondo, Miño, Paderne ou Betanzos, recibirán axudas da Xunta de Galicia coa finalidade de acometer accións de mellora paisaxística no Camiño de Santiago. Subvencións que se encadran no Plan de embelecemento da ruta Xacobeá, dotado con máis de 1,2 millóns de euros, co que se subvencionan obras en elementos que xeren impacto visual no Camiño ou a restauración de bens do patrimonio etnográfico galego.

Sendo evidente que a beleza dos bens e lugares polos que transcorre o Camiño de Santiago no noso municipio ben merecen o maior investimento posible na súa recuperación e posta en valor e non tendo accedido Cambre ás ditas axudas, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno cales son os motivos de non teñamos accedido ás ditas axudas, así como as previsións do noso concello para acceder a axudas que melloren a contorna e o patrimonio do Camiño de Santiago ao seu paso polo municipio de Cambre.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:28:20 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días, os veciños de Cambre fomos informados polo noso concello de que a Policía Local de Cambre impuxo 80 multas a persoas que non levaban a máscara obrigatoria durante as dúas últimas semanas, mentres que outras cinco persoas foron denunciadas por non querer identificarse ou por faltas de respecto aos axentes.

Tendo sido declarada a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude de acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, e activado do Plan de emerxencias



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

de Galicia aínda subsistente, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo señor alcalde de Cambre se informe de forma diferenciada, por conceptos e semanas, das multas impostas polo noso concello desde o inicio da crise sanitaria por razón directa ou indirecta do Covid-19, así como a causa do presumible aumento de sancións impostas nos últimos días.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2368 o día 24 de agosto de 2020.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:29:45 horas

Lee a pregunta don Brais Cubeiro Fernández.

En relación coas verteduras de áridos na ría. Dende a celebración do último pleno, que contactos, comunicacións ou iniciativas houbo con outros estamentos públicos (Costas, Seprona, Garda Civil, Xunta, Delegación do Goberno...) ao longo deste mes?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:30:26 horas

Lee a pregunta don Brais Cubeiro Fernández.

Son varios e de diversas zonas, os veciños e veciñas de Cambre que amosan a súa preocupación pola proliferación de gatos nas súas zonas de residencia. Que se está a facer, ou que se vai facer, para solucionar esta problemática?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:31:25 horas

Lee a pregunta don Brais Cubeiro Fernández.

Varias persoas están a informarnos de coches e furgonetas de reparto mal aparcados, día tras día, nas inmediacións do Supercor do Temple. Ten pensado o Goberno municipal algunha medida para solucionar este problema?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2372 o día 24 de agosto de 2020, xunto co rogo presentado para este pleno.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:31:58 horas

Lee a pregunta don Raúl Varela Fraguío.

No pleno do pasado mes de xullo, o rogo de Alternativa dos Veciños dun reforzo do servizo de limpeza e que se prevea para posteriores campañas de limpeza o dito reforzo, foi recollido.

Revisando diferentes espazos municipais seguímonos a atopar espazos sen a limpeza suficiente.

Polo tanto, preguntamos: Cales son as medidas de reforzo que se están a tomar actualmente? Cal é a previsión que se establece para ampliar o reforzo de xeito xenérico?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:33:42 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Foi dado algún paso máis con Emalcsa para a construción do novo depósito que mellorará o abastecemento de auga no concello?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:36:22 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

En canto a noticia que se daba nos últimos días sobre a posible contratación de dous auxiliares de Policía Local. Como será o proceso de incorporación deste novo persoal?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2375 o día 24 de agosto de 2020, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:38:11 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

No mes de xullo de 2019 faise un vídeo xornalístico no que aparecen, entre outras persoas a concelleira de Obras (naquel momento) e se escoita de fondo ao propio alcalde facer comentarios tales como “estamos traballando niso” referido á potencial creación dunha Concellería de Festas e Praias.

No mes de xullo de 2020, a concelleira de Medio Ambiente sostén en sede plenaria que durante os últimos meses non se tivo constancia de verteduras de áridos á ría.

Ante esta evidente contradición pola que está documentado que a concelleira e o alcalde estiveron enriba da vertedura, e as declaracións, tamén gravadas e documentadas, da concelleira que indica que non teñen coñecemento, dende EU preguntamos:

Eran conscientes ambos cargos públicos durante a gravación da reportaxe que o depósito de áridos na beira da ría era presuntamente ilegal?

O señor alcalde contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:39:13 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

A través de que medio foron convocados, e por quen, o alcalde e a concelleira á participación da dita reportaxe xornalística en xullo de 2019?

O señor alcalde contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:39:29 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Vén sendo común que as entidades e asociacións e agrupacións civís que no noso concello defenden causas que consideran xustas e convenientes para Cambre, tales como a Vía Ártabra, as beirarrúas, a dotación de máis medios nos centros de saúde, e sobre todo, aquelas que nas súas reivindicacións deben dirixirse a varias administracións, non só á local, acostuman a convidar ás súas convocatorias ás diferentes forzas con representación no concello.

Pódese dar o caso que dirixan a súa convocatoria ao concello e soliciten que se faga extensiva ao resto dos grupos.

Por que motivo ou motivos a invitación á participación na reportaxe de 2019 para a defensa do saneamento e dragado da ría non se fixo extensiva por parte do alcalde e a concelleira ao resto dos grupos da Corporación? (lembramos que o PSOE non estaba nin tiña coñecemento segundo palabras da propia concelleira), sendo moitos de nós, persoas e partidos que levamos décadas loitando na rúa e tamén en institucións na defensa da ría?

O señor alcalde contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2371 o día 24 de agosto de 2020, xunto co rogo presentado para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:40:34 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Pescudou o concello quen contratou e aboou o servizo á empresa de construción situada neste municipio que realizou a vertedura de area desde un camiión na ría do Burgo denunciada por Adegas?



Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:41:19 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Quen ou que administración ou organismo autorizou a dita descarga?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:41:33 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Que outras pescudas está levando a cabo este concello en relación con esa vertedura?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e dous minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López